



MANIFESTO DO PCG NO DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

Na data do 10 de Marzo na que celebramos o exercicio da dignidade e rebeldía democrática da clase obreira galega, queremos afirmar a nosa vontade insubmisiva respecto dunha orde social inicua, a da globalización capitalista, atenta a gañar cartos para uns poucos (valga o exemplo do patrimonio do dono de Inditex, que supón os ingresos dun millón de galegos), contra os intereses da inmensa maioría da sociedade galega e da propia humanidade.

Nós non aceptamos que a única disciplina económica que executa a globalización capitalista sexa a chantaxe da moderación salarial nun contexto de máis dun decenio de beneficios empresariais exorbitantes (cunha suma acumulada dende 1999 dun 70%, fronte a unha perda real dos salarios dun 4%); non aceptamos un xeito de computar o IPC que exclúe elementos de tanta relevancia como a vivenda, a súa vez reducida a condición de valor de cambio; rexeitamos a carestía da vida e unha realidade onde hai traballadores con emprego que están no limiar da pobreza; rebelámonos contra o tributo de sangue - moralmente criminal - da siniestralidade laboral e as enfermidades do traballo (por exemplo a asbestose); opoñémonos a un mercado de traballo desigual, onde as mulleres cobramos menos que os nosos compañeiros a igual traballo, e soportamos taxas maiores de paro e precariedade; dicimos non a unha cotidianidade marcada pola precariedade, o desemprego, a economía megullada e a exclusión social que esnaquizan as vidas de millóns de traballadores e traballadoras.

O Partido Comunista de Galicia defende unha política económica e laboral outra, na que os intereses da clase traballadora sexan os protagonistas, onde os traballadores e traballadoras non sexamos espectadores mudos e impotentes diante do capital, sendo como somos os verdadeiros creadores da riqueza social. O PCG sabe que hai outra política posible, que permite cambiar de xeito real a vidas de todos nós, e cambiala para mellorar. Unha outra política que avance no senso de gañar dereitos e poder nas empresas para mellorar a nosa vida como seres humanos ten que desenvolver entre outras as seguintes medidas:

- A aprobación dunha lei das 35 horas sen redución do xornal. O reparto do traballo para a mellora do emprego e da calidade de vida e a conciliación da vida laboral e familiar.
- A posta en marcha dun plan contra a precariedade no emprego, mediante a causalización da contratación temporal.
- Incremento nas plantillas da inspección de traballo e efectivo cumprimento da lei de prevención de riscos laborais.
- Supresión das ETT,s e prohibición das empresas de servizos de emprego.
- A creación de fondos de investimento obrigatorios como fórmula directa de investimento xeradora de emprego mediante a xestión democrática dunha parte do excedente empresarial.

As devanditas medidas non son unha quimeira, son o froito dun exercicio da razón crítica para mellorar as condicións de vida e traballo da meirande parte da sociedade. Son medidas posibles e desexables. Son as medidas para comenzar unha nova andaina de progreso e xustiza social. Son propostas para un porvir construído entre todas e todos, por que o porvis necesita de máis participación e democracia en todos os eidos da vida social, e as empresas son un deles.

Os dereitos de hoxe son as loitas de onte. Lección que non esquecemos. Hoxe como onte, é posible unha política dos traballadores para o conxunto da sociedade que permita gañar dereitos e liberdades. O Partido Comunista de Galicia reafirma o seu compromiso de traballo para facer avanzar un programa económica para a clase traballadora, que segue a xogar un papel central no canto de transformar a sociedade nun sentido de meirande xustiza social e de preservación do medio físico que nos alberga.

Viva o 10 de marzo

Viva a Clase Obreira Galega

Viva a Unidade da Clase Traballadora